

## LISTA DE ASISTENTES

Andrés Iglesias, Jesús de  
Carballo González, Ángeles  
Dafonte Gómez, Alberto  
Domínguez Blanco, Santiago  
Gómez Rodríguez, Alma María  
Isorna Folgar, Manuel  
Martín Moreno, José María  
Michinel Álvarez, Miguel Ángel  
Ríos Santomé, María José

## DESCULPA ASISTENCIA

González Santamaría, Pedro

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do día 10 de marzo de dous mil vinte, convocada ás 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda nas salas de videoconferencia.

O día **10 de marzo de 2020** ás 09:55 h. deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral, presidida polo vicerreitor de Economía, José María Martín Moreno, en ausencia do reitor, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión do día 17 de febreiro de 2020.
2. Resolución, se procede, das reclamacións ás candidaturas provisionais e proclamación definitiva de candidatos e candidatas.
3. Declaración, se procede, da conclusión do proceso electoral naquelas circunscricións no que non se superou o nº de postos a cubrir (art. 27.12 do Regulamento Electoral Xeral).
4. Adopción, se procede, do acordo de dar instrucións aos presidentes das mesas sobre o escrutinio.
5. Delegación, se procede, na Secretaría Xeral do nomeamento de interventores e interventoras.
6. Delegación, se procede, na Secretaría Xeral da proclamación provisional dos resultados.
7. Delegación, se procede, nas Xuntas Electorais dos Centros da designación por sorteo público das persoas que forman parte das mesas electorais.
8. Aprobación, se procede, da modificación dos artigos 11 e 30 do Regulamento Electoral Xeral da Universidade de Vigo.
9. Quenda de intervencións.

### **1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión do día 17 de febreiro de 2020.**

Ao non haber alegacións, apróbase por asentimento a acta da sesión da Comisión Electoral do 17 de febreiro de 2020.

### **2. Resolución, se procede, das reclamacións ás candidaturas provisionais e proclamación definitiva de candidatos e candidatas.**

Presentáronse dúas renuncias a dúas candidaturas, dúas candidaturas fóra de prazo e unha solicitude de subsanación de erros nun apelido. As renuncias son para a Facultade de Dereito e para a Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo, polo que xa non é necesario realizar eleccións neses centros. Houbo outra renuncia máis na Escola de Enxeñaría Industrial presentada hoxe mesmo.

As candidaturas fóra de prazo son para a Facultade de CC. do Mar, e a subsanación de erros é da alumna que presentou a súa candidatura para a Facultade de Química.

Apróbase por asentimento aceptar as tres renuncias presentadas.

Rexéitase por asentimento aceptar as candidaturas presentadas fóra de prazo.

**3. Declaración, se procede, da conclusión do proceso electoral naquelas circunscricións nas que non se superou o nº de postos a cubrir (art. 27.12 do Regulamento Electoral Xeral).**

Non habéndose presentado máis candidaturas que postos a cubrir, conclúe o proceso electoral en todos os centros da Universidade de Vigo.

Apróbase por asentimento a conclusión do proceso electoral.

**4. Adopción, se procede, do acordo de dar instrucións aos presidentes das mesas sobre o escrutinio.**

Dado que non hai eleccións e non hai que nomear aos membros das mesas, non procede enviar instrucións aos presidentes das mesmas.

**5. Delegación, se procede, na Secretaría Xeral do nomeamento de interventores e interventoras**

Non procede a delegación xa que non é necesario facer eleccións.

**6. Delegación, se procede, na Secretaría Xeral da proclamación provisional dos resultados.**

Non procede a delegación xa que non é necesario realizar eleccións.

**7. Delegación, se procede, nas Xuntas Electorais dos Centros da designación por sorteo público das persoas que forman parte das mesas electorais.**

Non procede a delegación xa que non é necesario realizar eleccións.

**8. Aprobación, se procede, da modificación dos artigos 11 e 30 do Regulamento Electoral Xeral da Universidade de Vigo.**

O vicerreitor de Economía cede a palabra ao secretario xeral, que explica que os artigos 11 e 30 do Regulamento Electoral Xeral establecen que ás xuntas electorais dos centros lles corresponde a designación, por sorteo público, das persoas que formen parte das mesas electorais nos procesos electorais nos que teña competencias, non especificándose en dito regulamento quen realiza o sorteo das mesas nas eleccións a reitor ou reitora e a representantes do Claustro. Hai que resaltar que ata agora, coa normativa anterior, era unha competencia das xuntas electorais dos centros.

Dado que sería inviable que a Comisión Electoral realizase o sorteo das mesas electorais de todos os centros, solicítase a modificación de ditos artigos do Regulamento Electoral Xeral. A modificación que se propón e a sinalada na documentación que se acompaña.

Apróbase por asentimento a modificación proposta.

## **9. Quenda de intervencións.**

O representante do alumnado presente pide que se estude a posibilidade de que as prazas vacantes en centros con baixa demanda de postos de representación poidan ser atribuídas a outros centros onde o número de candidaturas supere ao de prazas.

A coordinadora da Secretaría Xeral pon de manifesto os problemas normativos de tal cambio. Xorde un breve debate e conclúese que, en primeiro lugar, o asunto deberá ser estudado pola Asesoría Xurídica.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10:15 h do día 10 de marzo de 2020, da que eu como secretario xeral dou fe co visto e prace do presidente da Comisión Electoral.

O presidente da Comisión Electoral

O secretario da Comisión Electoral

Manuel Joaquín Reigosa Roger

Miguel Ángel Michinel Álvarez

